

DEPARTAMENTO DE CIENCIAS NATURAIS

TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS PARA OS CURSOS DE ESO

Normas e indicacións para a súa realización:

- Cada alumno realizará por avaliación un traballo de investigación dos propostos polo departamento
- A realización do traballo é persoal e obrigatoria
- En cada avaliación se lle propondrán ó alumnado 4-5 científicas/os sobre as que investigar, das cales debe escoller unha opción.
- A profesora que imparte no grupo, porá no taboleiro de aula un guión coas cuestións que deben aparecer no traballo.
- O alumnado entregará a súa investigación no prazo establecido pola profesora, que non será inferior a un mes.
- O traballo supón ata un 10% da cualificación final do alumnado.
- A presentación do traballo contará para a cualificación do mesmo, podendo aparecer fotografías, esquemas, gráficos, debuxos ...
- O alumnado de 1º eso e 2º eso entregará o traballo en papel e escrito a man, no caso dos cursos de 3º eso e 4º eso acordarán coa súa profesora a posibilidade de entregalo noutro soporte.

Asinado: a xefa de departamento

CIENTÍFICAS/OS 3º ESO


CURSO 2014-2015

1º AVALIACIÓN

- 1. FLORENCE NIGHTINGALE
- 2. OLGA MOREIRAS TUNI
- 3. LADY MARY WORTLEY MONTAGU
- 4. ANTONIO POSSE ROYBANES

2º AVALIACIÓN

- 1. OLIMPIA VALENCIA
- 2. GERTRUDE ELION
- 3. ROSALYN SUSSMAN
- 4. ANA VEIGA




1.1.1.- VIDA DE FLORENCE NIGHTINGALE

- Ano e lugar de nacemento.
- Que ocorre entre 1854 e 1858 e como actúa Florence?
- Por que se lle chama a dama da lámpada ou dama do candil? Que implica ese nome?
- Que feito importante ocorre en 1860 na vida de Florence Nightingale?
- Que distincións lle conceden en 1883, 1907 e 1908?
- Ano e motivo da súa morte.

1.1.2. - INVESTIGA:

- Que científicos famosos están enterrados na abadía de Westminster? Atópase ahí a tumba de Florence? Por que?
- En que ano se creou a Florence Nightingale International Foundation? Cal é a súa finalidade?
- Que é o xuramento Nightingale? Cando se creou?
- Cando se celebra o día internacional da enfermería? Por que se celebra nesa data?



1.2.1. - VIDA DE OLGA MOREIRAS TUNI

- Ano e lugar de nacemento
- Estudos terminados e lugar onde os realizou
- Que traballo realizou ata a súa morte? Durante canto tempo?
- En que campo investigou e realizou numerosas publicacións (libros, artigos...) e traballos?
- Que distinción lle foi concedida en xuño de 2009? Por que?
- Ano e lugar de nacemento.

1.2.2. - NUTRICIÓN E ALIMENTOS

- Que é a bromatoloxía?
- Que son as táboas de composición de alimentos? Sobre que informan?
- Cales son os factores de risco nas enfermidades cardiovasculares?
- Cal é a función da vitamina D? Como actúa?




16.^a edición

TABLAS DE COMPOSICIÓN DE ALIMENTOS

Guía de prácticas

AMPLIADA
Y REVISADA



Olga Moreiras • Ángeles Carbajal
Luisa Cabrera • Carmen Cuadrado

PIRÁMIDE

1.3.1.- VIDA DE MARY WORTLEY MONTAGU

- Ano e lugar de nacemento
- Que enfermidade padece en 1715 que a deixa "marcada"?
- A onde viaxa e por que motivo en 1716?
- Que práctica "médica" descobre durante a súa estancia? En que consiste?
- Como introduce esta práctica en Inglaterra?
- Ano e lugar da súa morte.

1.3.2. VACINA DA VARÍOLA

- Que é a varíola? Como se transmite? Que síntomas presenta?
- A quen se lle atribúe a invención da vacina de varíola? En que ano?
- Quen introduxo por primeira vez en Europa a práctica da inoculación da varíola? En que ano?
- Cando e onde se rexistrou o último caso de varíola no mundo?
- Existen mostras de varíola actualmente? Onde? Como?

1.4.1. - VIDA DE VICENTE ANTONIO POSSE ROYBANES

- Ano e lugar de nacemento
- Estudos realizados e lugar onde os realizou
- En que cidades exerceu?
- A quen vacinou por primeira vez?
- Cal é a razón do recoñecemento profesional de Posse Roybanes? Explica a súa actividade profesional.
- Ano e lugar da súa morte.

1.4.2. - VACINA DA VARIÓLA

- Que é a variola? Como se transmite? Que síntomas presenta?
- A quen se lle atribúe a invención da vacina de variola? En que ano?
- Quen introduxo por primeira vez en Europa a práctica da inoculación da variola? En que ano?
- Cando e onde se rexistrou o último caso de variola no mundo?
- Existen mostras de variola actualmente? Onde? Como?

L'ORIGINE DE LA VACCINE.

1874

